programa de actividades que proyectarán a todos los visitantes que se acerquen a Agolada una fotografía fiel e integral del rico y variado sector económico tradicional gallego. El eje sobre el que se vertebrará el I Encuentro de la Artesanía Tradicional y Popular de Galicia lo conformarán la exposición y venta de artesanía tradicional y popular (alfarería, instrumentos musicales, forja, textil tradicional, cuero, zapatería, elaboración de zuecos, guarnicionería, orfebrería tradicional, cantería, cestería y labores de paja, hojalatería o la tornería de madera, entre otros), la degustación y venta de productos agroalimentarios (agricultura ecológica, conservas artesanales, miel, vinos, aguardientes y licores, pan, productos lácteos o dulces tradicionales) y exposiciones temáticas sobre oficios y actividades tradicionales como los instrumentos musicales y el traje, actuaciones de agrupaciones de baile y música tradicional y las demostraciones de los oficios artesanales por parte de los artesanos y artesanas presentes en el evento. La agenda de actividades se completará con presentaciones de libros, charlas y conferencias por parte de personalidades relacionadas con el leitmotiv de este I Encuentro de la Artesanía Tradicional y Popular de Galicia, con el fin de enriquecer la oferta de un evento de calidad y acorde con los objetivos que se propone la organización.



UNHA REVOLTA NA XOIERÍA

UNA REVUELTA EN LA JOYERÍA





“A xoiería tradicional é unha base que che serve para perfeccionar, para ser mellor xoieiro”

A hibridación é unha das vías para atopar novos ocos de mercado, arriscando e inventando, para apostar por propostas diferentes coas que gañarse unha posición. Así o fixeron desde Maysil, onde mesturaron toda a tradición da xoiería en Galicia coa tendencia da reciclaxe de materiais completamente alleos a este sector. O resultado? Unhas espectaculares e vangardistas creacións en prata de xoias de autor deseñadas e producidas por José Mayer e María Silva, as dúas metades de Maysil.

A tradición da xoiería galega fúndese coa vangarda e a innovación no obradoiro Maysil, situado na Estrada. José Mayer e María Silva son os responsables de coleccións que mesturan a prata con materiais como pezas de Lego ou os emblemáticos lapis de Alpino. Ambos os dous tiñan as súas respectivas carreiras como artesáns: José viña dunha empresa familiar de xoiería e María tiña unha tenda e taller, uns alicerces que empregaron para levantar Maysil.

“Temos unha base tradicional pola miña culpa, na empresa dos meus pais facíase filigrana, santos..., que está moi ben, é unha parte importante porque é un traballo moi fino. É unha base que che serve para perfeccionar, para ser mellor xoieiro”, explica José Mayer, un sector que consideran que está moi ben traballado en Galicia, pero que eles precisaban buscar un produto diferenciado.

Por iso decidiron apostar por materiais diferentes das pedras preciosas ou semipreciosas, algo diferente para

La hibridación es una de las vías para encontrar nuevos huecos de mercado, arriesgando e inventando, para apostar por propuestas diferentes con las que ganarse una posición. Así lo hicieron desde Maysil, donde han mezclado toda la tradición de la joyería en Galicia con la tendencia del reciclaje de materiales completamente ajenos a este sector. ¿El resultado? Unas espectaculares y vangardistas creaciónes en plata de joyas de autor diseñadas y producidas por José Mayer y María Silva, las dos mitades de Maysil.

La tradición de la joyería gallega se fusiona con la vanguardia y la innovación en el taller Maysil, situado en A Estrada (Pontevedra). José Mayer y María Silva son los responsables de colecciones que mezclan la plata con materiales como piezas de Lego o los emblemáticos lápices de Alpino. Ambos tenían sus respectivas carreras como artesanos: José venía de una empresa familiar de joyería y María tenía una tienda y taller; unos pilares que emplearon para levantar Maysil.

“Tenemos una base tradicional por mi culpa, en la empresa de mis padres se hacía filigrana, santos..., que está muy bien, es una parte importante porque es un trabajo muy fino. Es una base que te sirve para perfeccionar, para ser mejor joyero”, explica José Mayer, que considera que el sector está muy bien trabajado en Galicia, por lo que ellos necesitaban buscar un producto diferenciado.

Por eso decidieron apostar por materiales diferentes de las piedras preciosas o semipreciosas, algo dis-

“La joyería tradicional es una base que te sirve para perfeccionar, para ser mejor joyero”

poder aplicalo á xoiería. “Utilizamos botóns, legos, palillos, madeira, gomas..., buscamos materiais novos pero tamén reciclados, introducírnos neste tema”, comenta María, pero sen perder de vista o factor comercial. Procuraban que as súas creacións fosen fáciles de levar e que durasen no tempo, unhas características que beben directamente da xoiería tradicional.

E esa innovación tamén implica arriscar máis, xa que é moi complicado saber como serán recibidas no mercado. Sempre hai coleccións que funcionan mellor, que teñen máis éxito entre o público, e desas reaccións tratan de aprender en Maysil. “Sempre hai algunha que non vai arriba e temos que descartala, neste caso, foi a colección das gomas; sacamos os lapis e os botóns, e funcionaron moi ben”, indica a artesá. De feito, da colección dos lapis, tal foi a súa acollida que sacaron unha nova liña a partir da primeira proposta, máis elaborada.

No proceso creativo, o tempo nunca vén marcado por tempadas senón pola calidade da colección a lanzar. Por exemplo, José Mayer atópase preparando unha nova liña influída por mobiliarios modernistas en canto a formas, pero pode pasar moito tempo ata que chegue ao mercado. “Nunca deseñamos algo e facémolo. Apartámolo, segues con outra historia e volves miralo, retómalo, valo madurando”, comenta a artesá.

Un labor de deseño que realizan entre os dous, achegando ideas e solucións, aínda que é José o que ten unha visión máis pragmática do proceso produtivo. “El, como ten máis anos de obradoiro e traballou máis en xoiería, ten un punto de vista máis claro do que é viable e do que non”. Un cambio moi grande notárono nos prezos dos materiais, xa que a prata subiu moito de prezo desde que comezara a crise. Así, se ben antes podían ter stocks de metal, hoxe en día xa non. “Na peza, moita porcentaxe é metal, se sobe varía moito o prezo final do produto”, indica o artesán.

Pero realizan máis actividades que a produción das súas pezas: tamén fan prototipado, produción de encomendas, funden pezas para produtos en colaboración con outros artesáns, agasallo corporativo ou para eventos como vodas... Novas vías de negocio coas que completar

“Utilizamos botóns, legos, palillos, madeira, gomas..., buscamos materiais novos pero tamén reciclados”



tinto para poder aplicarlo a la joyería. “Utilizamos botones, legos, palillos, madera, gomas..., buscamos materiales nuevos pero también reciclados, introducírnos en este tema”, comenta María, pero sin perder de vista el factor comercial. Intentaban que sus creaciones fuesen fáciles de llevar y que durasen en el tiempo, unas características que beben directamente de la joyería tradicional.

Y esa innovación también implica arriesgar más, ya que es muy complicado saber cómo serán recibidas en el mercado. Siempre hay colecciones que funcionan mejor, que tienen más éxito entre el público, y de esas reacciones tratan de aprender en Maysil. “Siempre hay alguna que no va arriba y tenemos que descartarla, en este caso, fue la colección de las gomas; sacamos los lápices y los botones, y funcionaron muy bien”, indica la artesana. De hecho, de la colección de los lápices, tal fue su acogida que han sacado una nueva línea a partir de la primera propuesta, más elaborada.

En el proceso creativo, el tiempo nunca viene marcado por temporadas, sino por la calidad de la colección a lanzar. Por ejemplo, José Mayer se encuentra preparando una nueva línea influida por mobiliarios modernistas en cuanto a sus formas, pero puede pasar mucho tiempo hasta que llegue al mercado. “Nunca diseñamos algo y lo hacemos. Lo apartamos, sigues con otra historia y vuelves a mirarlo, lo retomas, lo vas madurando”, comenta la artesana.



Una labor de diseño que realizan entre los dos, aportando ideas y soluciones, aunque José es el que tiene una visión más pragmática del proceso productivo. “Él, como tiene más años de taller y ha trabajado más en joyería, tiene un punto de vista más claro de lo que es viable y lo que no”. Un cambio muy grande lo notaron en los precios de los materiales, ya que la plata ha subido mucho desde que empezó la crisis. Así, si bien antes podían tener stocks de metal, hoy en día ya no. “En la pieza, mucho porcentaje es metal, si sube varía mucho el precio final del producto”, indica el artesano.

Pero realizan más actividades que la producción de sus piezas: también hacen prototipado, producción de encargos, funden piezas para productos en colaboración con otros artesanos, regalo corporativo o para eventos como bodas... Nuevas vías de negocio con las que completar una actividad que se ha visto muy resentida con la llegada de la crisis.

Aun así, el resultado comercial no está siendo negativo. Por ejemplo, su participación en ferias internacionales está teniendo un buen resultado. “Fuimos a la feria de Milán, que es de venta directa, y bien. Ferias profesionales hemos hecho Múnich y París, pero en esta de Múnich se notó más el bajón por la crisis”, reconoce María. Así y todo, para José Mayer, lo ideal son las ferias específicas de joyería, ya que es donde funciona mejor su producto, y no en mercados multisectoriales, donde la joyería tiene una mayor dificultad para entrar.

Salir fuera para Maysil es fundamental: “Nos ayuda a superarnos, ves que otros terminan mejor las piezas, sobre todo los alemanes que trabajan muy bien las calidades. Lo nuestro llama la atención, que ya es difícil, porque aquello es inmenso, y que la gente pase y se pare ya es un primer paso”, una etapa que ahora pretenden consolidar con más ventas, según el joyero. Consideran que la breve trayectoria del taller puede provocar alguna reticencia entre los propietarios de las tiendas, que buscan creadores estables como garantía de que habrá reposición para las piezas que adquieran. Así que este camino internacional se presenta como una carrera de fondo, donde tienen que recorrer un trecho largo pero seguro.

unha actividade que se veu moi resentida coa chegada da crise.

Aínda así, o resultado comercial non está sendo negativo. Por exemplo, a súa participación en feiras internacionais está a ter un bo resultado. “Fomos á feira de Milán, que é de venda directa, e ben. Feiras profesionais fixemos Múnic e París, pero nesta de Múnic notouse máis o baixón pola crise”, recoñece María. Aínda así, para José Mayer, o ideal son as feiras específicas de xoyería, xa que é onde funciona mellor o seu produto, e non en mercados multisectoriais, onde a xoyería ten maior dificultade para entrar.

Saír fóra para Maysil é fundamental: “Axúdanos a superarnos, ves que outros rematan mellor as pezas, sobre todo os alemáns que traballan moi ben as calidades. O noso chama a atención, que xa é difícil, porque aquilo é inmenso, e que a xente pase e pare xa é un primeiro paso”, unha etapa que agora pretenden consolidar con máis vendas, segundo o xoieiro. Consideran que a breve traxectoria do obradoiro pode provocar algunha reticencia entre os propietarios das tendas, que buscan creadores estables como garantía de que haberá reposición para as pezas que merquen. Así que este camiño internacional preséntase como unha carreira de fondo, onde teñen que percorrer un treito longo pero seguro.

“Utilizamos botones, legos, palillos, madera, gomas..., buscamos materiales nuevos pero también reciclados”

“As feiras internacionais axúdannos a superarnos, ves que outros rematan mellor as pezas, sobre todo os alemáns que traballan moi ben as calidades. O noso chama a atención, que xa é difícil, porque aquilo é inmenso, e que a xente pase e pare xa é un primeiro paso”

○ **Maysil**
C/ Padrón nº13 baixo
A Estrada 36680 Pontevedra
Tel.: 986 570 595
Fax: 986 570 595
correo@maysil.com
www.maysil.com
José Mayer
Carta de artesán / Carta de artesano nº 3757
María Silva
Carta de artesá / Carta de artesana nº 1297
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 348



O mercado exterior

Un aspecto moi importante ao saír ao exterior é a posta en escena do produto. Por iso desde Maysil prestan unha especial atención a todo o que supón o packaging, a presentación e a imaxe das súas pezas. “Cando vas fóra, ves a imaxe que teñen as empresas, fotografía, imaxe corporativa... Nós somos pequenos e facemos case todo, tamén os expositores”, explica José, ao que engade María: “Ás veces ves que é mellor a imaxe que a peza en si, que esa peza chama a atención por todo o que ten ao seu redor”.

Ademais da presentación e da calidade do produto, o prezo é outro factor determinante, máis aínda na actual situación económica. Por iso, neste obradoiro teñen os custos de produción moi ben estudados, para poder axustar os seus prezos o mellor posible. De feito, en países como Alemaña resultan baratas as súas pezas, tanto que incluso lle chegaron a preguntar se realmente eran feitas en prata. “Unha clienta de París saíunos porque tiñamos uns prezos moi competitivos; iso é porque temos uns custos moi calculados, defendémolo ben”.

As novas tecnoloxías teñen un papel destacado neste taller. Neste sentido, teñen previsto incluír códigos QR en todas as coleccións para dotar de maior contexto as súas pezas e polo tanto, de maior valor engadido. A idea

El mercado exterior

Un aspecto muy importante al salir al exterior es la puesta en escena del producto. Por eso, desde Maysil prestan una especial atención a todo lo que supone el packaging, la presentación y la imagen de sus piezas. “Cuando sales fuera, ves la imagen que tienen las empresas, fotografía, imagen corporativa... Nosotros somos pequeños y hacemos casi todo, también los expositores”, explica José, a lo que añade María: “A veces ves que es mejor la imagen que la pieza en sí, que esa pieza que llama la atención por todo lo que tiene a su alrededor”.

Además de la presentación y la calidad del producto, el precio es otro factor determinante, más aún en la actual situación económica. Por eso, en este taller tienen los costes de producción muy bien estudiados, para poder ajustar sus precios lo mejor posible. De hecho, en países como Alemania resultan baratas sus piezas, tanto que incluso les llegaron a preguntar si realmente estaban hechas en plata. “Una clienta de París nos salió porque teníamos unos precios muy competitivos; eso es porque tenemos unos costes muy calculados, lo defendemos bien”.

Las nuevas tecnologías tienen un papel destacado en este taller. En este sentido, tienen previsto incluir códigos QR en todas las colecciones para dotar de mayor contexto a sus piezas y por tanto, de mayor valor añadido. La idea



“Las ferias internacionales nos ayudan a superarnos, ves que otros terminan mejor las piezas, sobre todo los alemanes que trabajan muy bien las calidades. Lo nuestro llama la atención, que ya es difícil, porque aquello es inmenso, y que la gente pase y se pare ya es un primer paso”

consiste en recompilar o proceso creativo e produtivo de cada colección, e que a través dese código impreso na caixa da xoia, leve á web onde se explique a historia desda colección e todo o traballo que hai detrás. Un ‘making of’ da xoia.

Esas novas ferramentas entran tamén no taller, onde as máquinas e a informática simplificaron parte do proceso, se ben o traballo manual é insubstituíble. Para María, é moi importante atopar o equilibrio entre a tecnoloxía e o artesán. “Non pode ser todo feito á man, porque é imposible competir no mercado, pero tampouco pode ser todo mecánico. Tes que axudarte do I+D, aínda que despois a maioría do proceso sexa feito á man”. Así, para Mayer, ese oficio aprendido no obradoiro familiar é un excelente complemento para as tecnoloxías do prototipado, aínda que para un primeiro modelo de filigrana prefira facelo coas súas propias mans, xa que queda mellor feito.

Todo un traballo que se veu recoñecido en varias ocasións, malia a xuventude deste obradoiro. Así, a súa colección de xoias elaborada cos lapis de cores foi finalista do Premio Artesanía de Galicia e do concurso Burgos; namentres que a colección con pezas de Lego foi finalista ao Premio Antón Fraguas. Un comezo prometedor dun obradoiro asentado sobre a experiencia de dous artesáns dispostos a dar novos folgos no deseño da xoiería contemporánea galega.

consiste en recopilar el proceso creativo y productivo de cada colección, y que a través de ese código impreso en la caja de la joya, lleve a la web donde se explique la historia de esa colección y todo el trabajo que hay detrás. Un ‘making of’ de la joya.

Esas nuevas herramientas entran también en el taller, donde las máquinas y la informática han simplificado parte del proceso, si bien el trabajo manual es insustituible. Para María, es muy importante encontrar el equilibrio entre la tecnología y lo artesano. “No puede ser todo hecho a mano, porque es imposible competir en el mercado, pero tampoco puede ser todo mecánico. Tienes que ayudarte del I+D, aunque luego la mayoría del proceso sea hecho a mano”. Así, para Mayer, ese oficio aprendido en el taller familiar es un excelente complemento para las tecnologías del prototipado, aunque para un primer modelo de filigrana prefiera hacerlo con sus propias manos, ya que queda mejor hecho.

Todo un trabajo que se ha visto reconocido en varias ocasiones, a pesar de la juventud de este taller. Así, su colección de joyas elaborada con los lápices de colores fue finalista del Premio Artesanía de Galicia y del concurso Burgos; mientras que la colección con piezas de Lego fue finalista al Premio Antón Fraguas. Un comienzo prometedor de un taller asentado sobre la experiencia de dos artesanos dispuestos a dar nuevos ánimos en el diseño de la joyería contemporánea gallega.

XOIAS CON HISTORIA

JOYAS CON HISTORIA

O bronce dá nome a un período prehistórico, e esta aliaxe de cobre e estano é un dos primeiros avances tecnolóxicos da humanidade. Chegou aos nosos días a través de pezas útiles, cobizadas medallas olímpicas ou armas, pero tamén se emprega en ornamentos, moedas, xoiería e escultura. Do bronce fixo unha forma de expresión o artesán Pablo Leal, e nas súas pezas de bixería e pequena escultura reflicte a historia antiga de Galicia. Todo un repertorio de motivos cos que pretende unir o valor do feito á man co importante patrimonio histórico e cultural galego.

Pablo Leal recoñécese como un entusiasmado pola historia, co que non lle queda máis remedio que aplicalo nas súas creacións artesanais. Leal ten o seu obradoiro no concello coruñés de Teo e desde alí produce pezas de bixería, torques e pequena escultura principalmente en bronce, latón e tamén en prata. “Eu sempre tiven unha fascinación polo pasado, sempre foi a miña afección”.

“Fago cousas relacionadas coa cultura galaica, coa celta e coa castrexa, e tamén coa arte rupestre”, un repertorio visual que enriquece acompañándoo dunha explicación para dotalo de máis contexto. De feito, este artesán puido comprobar como o feito de incluír unha referencia histórica en papel dando unha explicación sobre cada unha das pezas e o seu motivo é unha moi boa axuda á venda. Sempre emprega citas de historiadores, e observou que se había pezas sen o tríptico explicativo e outras con el,

El bronce da nombre a un período prehistórico, y esta aleación de cobre y estaño es uno de los primeros avances tecnológicos de la humanidad. Ha llegado a nuestros días a través de piezas útiles, anheladas medallas olímpicas o armas, pero también se emplea en ornamentos, monedas, joyería y escultura. Del bronce ha hecho una forma de expresión el artesano Pablo Leal, y en sus piezas de bisutería y pequeña escultura refleja la historia antigua de Galicia. Todo un repertorio de motivos con los que pretende unir el valor de lo hecho a mano con el importante patrimonio histórico y cultural gallego.

Pablo Leal se reconoce como un entusiasmado por la historia, con lo que no le queda más remedio que aplicarlo en sus creaciones artesanas. Leal tiene su taller en el ayuntamiento coruñés de Teo y desde allí produce piezas de bisutería, torques y pequeña escultura principalmente en bronce, latón y también en plata. “Siempre tuve una fascinación por el pasado, siempre ha sido mi afición”.

“Hago cosas relacionadas con la cultura galaica, la celta y la castreña, y también con el arte rupestre”, un repertorio visual que enriquece acompañándolo de una explicación para dotarlo de más contexto. De hecho, este artesano pudo comprobar cómo el hecho de incluir una referencia histórica en papel que daba una explicación sobre cada una de las piezas y su motivo es una muy buena ayuda a la venta. Siempre emplea citas de historiadores, y observó que si había piezas con el tríptico explicativo y otras sin él, estas últimas no se vendían tanto, y menos aún en el caso de que fuesen para regalar a alguien. “A mí me gusta que la gente, de paso que le vendas algo, también lo entienda. Por ejemplo, hago una serie de cruces de Galicia, y también llevan una pequeña explicación de la iglesia de la que son, si ya desapareció...”.

Emplea diferentes técnicas con el metal, desde el grabado con ácido al repujado a la fundición, y le da unos acabados especiales, aplicando pátinas, oxidando o con esmaltes, según el diseño del que se trate. Estas técnicas

“Hay cultura detrás de mis piezas y hay un ser humano que vive de esto”



**“Hai cultura detrás
das miñas pezas e hai
un ser humano que
vive disto”**



estas últimas non se vendían tanto, e moito menos no caso de que fosen para agasallar a alguén. “A min gústame que a xente, de paso que lle vendes algo, tamén o entenda. Por exemplo, fago unha serie de cruces de Galicia, e tamén levan unha pequena explicación da igrexa da que son, se xa desapareceu...”

Emprega diferentes técnicas co metal, desde o gravado con ácido ao repulsado ou a fundición, e dálle uns acabados especiais, aplicando pátinas, oxidando ou con esmaltes, segundo o deseño do que se trate. Estas técnicas foinas aprendendo ao longo da súa vida, xa que para Pablo Leal, a necesidade de crear coas mans vénlle desde pequeno. Comezou a traballar co seu pai, quen tiña un taller de forxa, e alí botaba unha man durante o verán. “Xa desde moi pequeno, con nove ou dez anos, ía traballar con el, cousa que lle agradezo”. Defínese como “habilidoso de toda a vida”, así que o destino levábao polos camiños da artesanía. Durante a súa mocidade pasou un par de anos en Londres, onde vendía pezas que realizaba coa técnica do gravado con ácido. “Alí non o facía ninguén”, en referencia a este proceso que consiste en realizar un debuxo sobre un metal cunha pintura resistente ao ácido, como o betume, e que ao somerxer no líquido a peza metálica come as partes descubertas e ofrece un resultado moi orixinal. Con esta técnica realizaba bolsos, cintos ou bixería; hoxe continúa aplicando nas súas creacións e compaxinao coa fundición.

Antes tamén facía obxectos de maior dimensión, como lámpadas, pero comprobou que tiñan unha saída comercial moi complexa, así que optou por desestimalos. Hoxe en día, nas circunstancias actuais do mercado, o que

“A min gústame que a xente, de paso que lle vendes algo, tamén o entenda”



“A mí me gusta que la gente, de paso que le vendes algo, también lo entienda”

las fue aprendiendo a lo largo de su vida, ya que para Pablo Leal, la necesidad de crear con las manos le viene de niño. Empezó a trabajar con su padre, quien tenía un taller de forja, y allí echaba una mano durante el verano. “Ya desde muy pequeño, con nueve o diez años, iba a trabajar con él, cosa que le agradezco”. Se define como “habilidoso de toda la vida”, así que el destino lo llevaba por los caminos de la artesanía. Durante su juventud pasó un par de años en Londres, donde vendía piezas que realizaba con la técnica del grabado con ácido. “Allí no lo hacía nadie”, en referencia a este proceso que consiste en realizar un dibujo sobre un metal con una pintura resistente al ácido, como el betún, y que al sumergirlo en el líquido, la pieza metálica come las partes descubiertas y ofrece un resultado muy original. Con esta técnica realizaba bolsos, cinturones o bisutería; hoy la continúa aplicando en sus creaciones y lo compagina con la fundición.

Antes también hacía objetos de mayor dimensión, como lámparas, pero comprobó que tenían una salida comercial muy compleja, así que optó por desestimarlos. Hoy en día, con las circunstancias actuales del mercado, lo que más demanda tiene son las piezas pequeñas. “Donde más vendo es en Galicia, porque son piezas muy pegadas a la tierra; a la gente que viene de fuera le llama la atención ver algo tan raro como estos petroglifos”. Una experiencia grata fue el Festival Intercéltico de Lorient, en la Bretaña francesa; allí acudió en el año 2009 cuando Galicia fue invitada de honor en el evento. Esa conexión celta que une las culturas gallega y bretona se hizo evidente y se tradujo en un nivel “aceptable” de ventas. Aunque estas son ocasiones excepcionales; para Leal lo más idóneo es la venta a tiendas, ya que él se considera un



máis demanda ten son as pezas pequenas. “Onde máis vendo é en Galicia, porque son pezas moi pegadas á terra; á xente que vén de fóra chámalle a atención ver algo tan raro como estes petroglifos”. Unha experiencia grata foi o Festival Intercéltico de Lorient, na Bretaña francesa; alí acudiu no ano 2009 cando Galicia foi convidada de honra neste evento. Esa conexión celta que une as culturas galega e bretona fíxose evidente e traducíuse nun nivel “aceptable” de vendas. Aínda que estas son ocasións excepcionais; para Leal o máis idóneo é a venda a tendas, xa que el considérase experto na parte artesanal, e prefire centrarse máis no deseño e na produción.

Pero o mercado cambiou moito desde que a actual crise económica entrou con forza. Moitas das tendas nas que vendía xa pecharon e os obxectos artesanais compiten cara á cara con outros industriais. Para Pablo Leal, o feito de continuar a empregar o bronce como a súa materia prima básica permitiulle paliar en certa medida os efectos da espectacular alza de prezos que experimentaron metais como a prata ou o ouro. “Cando eu empecei había máis xente que traballaba o bronce, pero a maioría pasouse á prata. Eu sempre me mantiven e sigo, erre que erre”, e rindo asegura que el traballa “para ricos e para pobres”, xa que un torque en bronce custa arredor de oito euros, fronte os corenta que pode superar en prata. De feito, nas pezas en prata si que tivo que repercutir as subas da

experto en la parte artesanal, y prefiere centrarse en el diseño y en la producción.

Pero el mercado ha cambiado mucho desde que la actual crisis económica entró con fuerza. Muchas de las tiendas en las que vendía ya han cerrado y los objetos artesanos compiten cara a cara con otros industriales. Para Pablo Leal, el hecho de continuar empleando el bronce como su materia prima básica le permitió paliar en cierta medida los efectos de la espectacular alza de precios que experimentaron metales como la plata o el oro. “Cuando yo empecé había más gente que trabajaba el bronce, pero la mayoría se pasó a la plata. Yo siempre me mantuve y sigo, erre que erre”, y riendo asegura que él trabaja “para ricos y para pobres”, ya que un torque en bronce cuesta alrededor de ocho euros, frente a los cuarenta que puede superar en plata. De hecho, en las piezas en plata sí que tuvo que repercutir las subidas de la materia prima, mientras que hace seis años que no modifica los precios de las piezas de bronce.

Como puntos fuertes de sus creaciones, además de esa referencia histórica que aporta, Pablo Leal señala el valor del objeto hecho a mano y la garantía de la marca Artesanía de Galicia. “Hay cultura detrás y hay un ser humano que vive de esto”, y señala como problema la competencia global. De hecho, encontró en una de las tiendas en las que vende habitualmente una imitación per-





materia prima, namentres que nas pezas en bronce hai seis anos que non modifica os prezos.

Como puntos fortes das súas creacións, ademais desa referencia histórica que achega, Pablo Leal sinala o valor do obxecto feito á man e a garantía da marca Artesanía de Galicia. "Hai cultura detrás e hai un ser humano que vive disto", e sinala como problema a competencia global. De feito, atopou nunha das tendas nas que vende habitualmente unha imitación perfecta dunha das cruces que el deseñou e produce realizada industrialmente en China. "Eu vina e pensei que me quedara un pouco pálida, despois foi cando me dei de conta de que ma fusilaran. Era un pouco máis pequena que a miña, sinal de que a copiaran". Aínda así, confía en que unha parte da sociedade aínda lle dea valor ao produto feito á man.

No tocante ao sector artesán, admite unha intranquilidade sobre o futuro unha vez que remate a crise. Así, cre que hai obradoiros que están a vivir momentos moi complexos, sobre todo naqueles onde hai moitos empregados. "Parte do sector vai desaparecer, van quedar talleres pequenos de unha ou dúas persoas, penso eu. Ademais, hai medo de meterte en leas, a xente non pensa en comprar maquinaria", e indica que hai unha actitude de cautela diante da actual conxuntura económica. Aínda así, asegura que os artesáns non poden permitirse quedar parados polo medo: "para estar na artesanía tes que ter unha moral de aceiro inoxidable, e eu venda ou non, estou sempre traballando, no taller ou nas tendas, pero non paro de moverme".

"Para estar na artesanía tes que ter unha moral de aceiro inoxidable, e eu venda ou non, estou sempre traballando, no taller ou nas tendas, pero non paro de moverme"



Pablo Leal
Agosto 41
15886 Teo, A Coruña
Tel.: 981 809 464
www.pabloleal.com
info@pabloleal.com
Carta de artesán / Carta de artesano n° 298
Obradoiro artesán / Taller artesano n° 64

fecta de una de las cruces que él diseñó y produce, realizada industrialmente en China. “Yo la vi y pensé que me había quedado un poco pálida, después fue cuando me di cuenta de que me la *habían fusilado*. Era un poco más pequeña que la mía, señal de que la habían copiado”. Aún así, confía en que una parte de la sociedad todavía le dé valor al producto hecho a mano.

En lo tocante al sector artesano, admite una intranquilidad sobre el futuro una vez que termine la crisis. Así, cree que hay talleres que están viviendo momentos muy complejos, sobre todo aquellos en los que hay muchos empleados. “Parte del sector va a desaparecer, van a quedar talleres pequeños de una o dos personas, pienso yo. Además, hay miedo de meterte en líos, la gente no piensa en comprar maquinaria”, e indica que hay una actitud de cautela ante la actual coyuntura económica. Aún así, asegura que los artesanos no pueden permitirse quedar parados por el miedo: “para estar en la artesanía tienes que tener una moral de acero inoxidable, y yo venda o no, estoy siempre trabajando, en el taller o en las tiendas, pero no paro de moverme”.

“Para estar en la artesanía tienes que tener una moral de acero inoxidable, y yo venda o no, estoy siempre trabajando, en el taller o en las tiendas, pero no paro de moverme”



DE PROFESIÓN, COLAREIRA

DE PROFESIÓN, COLLAREIRA

A entrada na Illa da Toxa ten unha parada obrigada: as mesas que se estenden ao longo das beirarrúas ateigadas de complementos feitos con cunchas de cores. Este verán, nalgún destes postos poderanse ver as etiquetas de Artesanía de Galicia que recoñecen a calidade e a tradición que están detrás do oficio que tanto representa ao concello do Grove. Descubrimos un labor artesán da man de Socorro Cacabelos e Montse Betanzos, nai e filla, que loitan día a día por dignificar a xoia de concha. Un traballo que ben merece a protección e o amparo tanto da marca Artesanía de Galicia como do goberno galego, xa que se tratan de pezas únicas, feitas á man, xenuínas e de gran calidade, cunha forte tradición detrás.

La entrada en la Illa de A Toxa tiene una parada obligada: las mesas que se extienden a lo largo de las aceras repletas de complementos hechos con conchas de colores. Este verano, en alguno de estos puestos se podrán ver las etiquetas de Artesanía de Galicia que reconocen la calidad y la tradición que están detrás del oficio que tanto representa al Concello de O Grove. Descubrimos una labor artesana de la mano de Socorro Cacabelos y Montse Betanzos, madre e hija, que luchan día a día por dignificar la joya de concha. Un trabajo que bien merece la protección y el amparo tanto de la marca Artesanía de Galicia como del goberno galego, ya que se tratan de piezas únicas, hechas a mano, genuinas y de gran calidade, con una fuerte tradición detrás.



O oficio da colareira está a agromar nos últimos tempos como unha nova faceta da artesanía galega, se ben non foi sempre así. A imaxe das mesas que se estenden na Illa da Toxa é unha das máis representativas do Grove e, en cambio, das menos reivindicadas, se ben para o turismo era un atractivo máis. Hoxe atópase en plena revolución, pasando de ser unha actividade de subsistencia á bixería de deseño, e reclamando un espazo propio que gañou por forza. Socorro Cacabelos ten a súa mesa na Toxa durante o verán, festivos e fins de semana. O inverno pásao na galería da súa casa, enfiando cunchas de cores cun ollo posto na televisión, xa que todo o que sae por alí pódoo pasar á cuncha, segundo asegura a artesá.

O oficio aprendeuno da súa nai, que lle poñía unha “tarifa” cada día. “Empecei desde os 10 ou 11 anos, iamos á escola e mamá deixábanos unha tarifa de cunchas e de traballo para facer”, que se non cumpría, “había guerra”. Recoñece que non había tempo para xogar, que era unha obriga. “Aquí sacouse moita fame cos colares nos anos da miña avoa, porque isto ten noventa ou cen anos”, e Socorro lembra que levaban ás tendas do Grove caixóns ateigados cos colares que cambiaban polo que precisaban na casa: leite, ovos, fariña, aceite, teas para sabas...; e eses caixóns saían rumbo a cidades como Barcelona onde eran vendidos.

El oficio de la ‘collareira’ está creciendo en los últimos tiempos como una nueva faceta de la artesanía gallega, si bien no siempre ha sido así. La imagen de las mesas que se extienden en la Illa de A Toxa es una de las más representativas de O Grove y, en cambio, de las menos reivindicadas, si bien para el turismo es un atractivo más. Hoy se encuentra en plena revolución, pasando de ser una actividad de subsistencia a ser bisutería de diseño, y reclamando un espacio propio que ha ganado por fuerza. Socorro Cacabelos tiene su mesa en A Toxa durante el verano, festivos y fines de semana. El invierno lo pasa en la galería de su casa, hilando conchas de colores con un ojo puesto en la televisión, ya que todo lo que sale por allí lo puede pasar a la concha, según asegura la artesana.

De su madre aprendió el oficio, que le ponía una “tarifa” cada día. “Empecé desde los 10 u 11 años, íbamos a la escuela y mamá nos dejaba una tarifa de conchas y trabajo para hacer”, que si no cumplía, “había guerra”. Reconoce que no había tiempo para jugar, que era una obligación. “Aquí se sacó mucha hambre con los collares en los años de mi abuela, porque esto tiene noventa o cien años”, y Socorro recuerda que llevaban a las tiendas de O Grove cajones repletos con los collares que cambiaban por lo que necesitaban en casa: leche, huevos, harina, aceite, telas para sábanas...; y esos cajones salían rumbo a ciudades como Barcelona donde eran vendidos.





A tarefa, xunto co oficio, herdouno Montse, a filla de Socorro. Foi a máis nova en ter o carné de colareira que dá o Concello do Grove, con catorce anos. Tamén foi a primeira que tivo a carta de artesá co oficio de colareira, agora xa son cinco, e loita por darlle a dignidade que merece esta profesión. “Deime de conta de que cun traballo artesán estás na casa, adminstras o teu tempo, non tes que darlle explicacións a ninguén, e tes un soldo igual ou superior. O problema é que este traballo non está valorado: traballas na rúa, hai conflitos entre mulleres, es unha feiranta”. E para Montse, ese non é o futuro que busca, quere que os seus colares, ademais de en A Toxa, poidan estar nas tendas, nas feiras..., igual ca calquera outro produto artesán.

E foi descubrinto todo o mundo do produto feito á man; agora hai un ano que teñen a carta de artesás ela e mais a súa nai, e hai un mes que deron de alta o taller. Un obradoiro que baixou do faiado a un cuarto de seu na casa, ben acondicionado tanto para o traballo como para a venda, no que expón as súas creacións como merecen. O cambio de ter a carta de artesá foi grande, reconece Montse. “Para min, xa empeza polo valor dos veciños, xa non te ven como unha colareira; fas deseño, esa carta ten moito valor... Ven un oficio, xa non es simplemente unha colareira da Toxa. Agora ven algo máis elaborado, que ten unha marca, un deseño”. E están convencidas de que o feito de incluír a imaxe da marca Artesanía de Galicia tamén vai influír na venda, xa que entregar unha peza a un cliente na caixa, co seu certificado, dálle un valor engadido. Dese xeito poderán axustar os prezos, moi baixos para todo o traballo que está detrás de cada xoia, lastrados por unha guerra de prezos entre as propias creadoras.

O primeiro paso que están a dar é no propio deseño. Tanto Montse como a súa nai buscan estar ao tanto das

“Ter a carta de artesá xa empeza polo valor dos veciños, xa non te ven como unha colareira; fas deseño, esa carta ten moito valor... Ven un oficio, xa non es simplemente unha colareira da Toxa. Agora ven algo máis elaborado, que ten unha marca, un deseño”

“Tener la carta de artesana ya empieza por el valor de los vecinos, ya no te ven como una ‘colareira’, haces diseño, esa carta tiene mucho valor... Ven un oficio, ya no eres simplemente una ‘colareira’ de A Toxa. Ahora ven algo más elaborado, que tiene una marca, un diseño”





tendencias, a través das revistas, a televisión, etc. Fíxanse nas formas, nas cores, e buscan como trasladalo á cuncha. “Se fas un percorrido polas mesas da Toxa, ves que hai diferencias, ves mesas cos mesmos colares de antes, as mesmas formas, cuncha sobre cuncha, non hai sincronía coa moda de agora; noutras mesas ves que hai interese polo que se leva, por chegar a outro público”, asegura a artesá. De feito, a súa nai ten notado como os turistas que se achegan ao Grove buscan novidades entre as pezas das mesas, non queren tan só o de sempre.

Neste interese por evolucionar e polo deseño está tamén ese respecto polo oficio. Montse sinala que se os colares son considerados como un suplemento económico, se se infravalora esta arte, non se pode medrar. “Para que te valoren depende de ti, que queiras ir máis alá. Isto coñecerá máis xente e hase de recoñecer”. Un traballo que fan en silencio, din, pero que chegado o seu momento dará os seus froitos.

De Manila ao Grove

Moito ten cambiado o oficio desde que Montse o recollía da súa nai. Lembra Socorro como algunha clienta volvía ao pouco tempo de vendérselle un colar co pescozo tinguido de vermello pola mala calidade das pinturas que empregaban. En cambio, hoxe utilizan tinturas máis resistentes, ou mesturan as cunchas autóctonas con outras importadas, principalmente desde Manila e México. A cuncha que non vén de fóra recóllena á man, durante o inverno. “Cando o mar está revolto e volve quedar en

La tarea, junto con el oficio, la heredó Montse, la hija de Socorro. Fue la más joven en tener el carné de ‘collareira’ que da el Concello de O Grove, con catorce años. También fue la primera que tuvo la carta de artesana con el oficio de ‘collareira’, ahora ya son cinco, y lucha por darle la dignidad que merece esta profesión. “Me di cuenta de que con un trabajo artesano estás en casa, administras tu tiempo, no tienes que darle explicaciones a nadie, y tienes un sueldo igual o superior. El problema es que este trabajo no está valorado: trabajas en la calle, hay conflictos entre mujeres, eres una ferianta”. Y para Montse, ese no es el futuro que busca; quiere que sus collares, además de en A Toxa, puedan estar en la tiendas, ferias..., igual que cualquier otro producto artesano.

Y fue descubriendo todo el mundo del producto hecho a mano; ahora hace un año que tienen la carta de artesana ella y su madre, y hace un mes que han dado de alta el taller. Un taller que bajó del desván a un cuarto propio en la casa, bien acondicionado tanto para el trabajo como para la venta, en el que expone sus creaciones como merecen. El cambio de tener la carta de artesana ha sido grande, reconoce Montse. “Para mí, ya empieza por el valor de los vecinos, ya no te ven como una ‘collareira’, haces diseño, esa carta tiene mucho valor... Ven un oficio, ya no eres simplemente una ‘collareira’ de A Toxa. Ahora ven algo más elaborado, que tiene una marca, un diseño”. Y están convencidas de que el hecho de incluir la imagen de la marca Artesanía de Galicia también va a influir en la venta, ya que el hecho de entregar una pieza a un cliente


calma, bota todo isto fóra. Desde aquí a Fisterra, cada corrente dá distinta cunchiña: as margaridas no Pindo e Carnota, as sedas tamén no Pindo, as tuturutas en Ribeira, os corniños marróns en Fisterra, os laquiños en Portonovo, os amarelos na Illa de Arousa...”, aínda que Socorro lembra con morriña a súa nenez, onde toda a familia collía o coche e investía todo o día en apañar a materia prima. “Era como unha festa para toda a familia, faciamos as tortillas, o polo frito, e iamos todo o día para a praia. A min encantábame esa vida, bótoa de menos”.

